

**XXXVI MOSTRA INTERNACIONAL
DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO
DE CANGAS** do 28 de XUÑO ao 6 de XULLO de 2019



DAILA 2019

ÍNDICE

- 01. PROGRAMA
- 03. TAQUILLA
- 04. PRESENTACIÓN
- 05. PROGRAMACIÓN AUDITORIO
- 14. PROGRAMACIÓN TEATRO NA RÚA
- 20. ESPAZOS ALTERNATIVOS
- 23. XIX XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN
- 26. EVENTOS

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Programación: María Armesto
Coordinación: Salvador del Río
Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro
Asesoramento Programación: Xoan Carlos Riobó
Xestión Económica: María Xosé Mariño "Che"
Departamento Comercial: Rita Sixto
Comunicación: Clara Castilla

Técnicos Municipais:

Técnico de Cultura: Estanislao Graña
Director Auditorio Municipal: Juan José Pérez
Directora do CIM: Paula Tenorio

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:

Héctor Pazos
Serafín Piñeiro
Diego R. Camaño

Auditorio Municipal

Paco Alfaro
Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria
Ilmo. Concello de Cangas
Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas
Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas
Xunta de Galicia, AGADIC
Frigoríficos del Morrazo
Excm. Deputación de Pontevedra

Entidades Colaboradoras:

SGAE
Erregueté
Salasón

DESEÑO E EDICIÓN

Deseño cartel: Luis Davila

Deseño gráfico e web: Diego Seixo

Edita: Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2019

PROGRAMA

XOVES, 27 XUÑO

ATA O 2 DE XULLO: CANGAS, BUEU e MOAÑA (ITINERANTE)
PROXECTO CUCO: CULTURA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO de Teatro Tío Teixo

19:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
HOMENAXE: ENMA PINO. LUZ SOBRE A HISTORIA

VENRES, 28 XUÑO

19:30H. PRAZA DA CONSTITUCIÓN
SIE7E de Ymedioteatro

20:00H. AUDITORIO MUNICIPAL
Inauguración 30 ANOS DO TEATRO DO MORCEGO

20:30H. CAPELA DO HOSPITAL
A ILLA DAS MATRIARCAS de Aporía escénica e Theatre of the ancients

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
COMEDIA AQUILANA de Nao d'amores

SÁBADO, 29 XUÑO

19:00H. SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
SEXO, FEMINISMOS E CULTURA

20:00H. CAPELA DO HOSPITAL
Inauguración EROTISMO SEN +

20:30H. PARQUE DA PALMA
CRUNCH! de Muu

21:00H. SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
QUINCE MINUTOS de Mónica Sueiro

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
LA GRAN OFENSA de La bendita compañía

DOMINGO, 30 DE XUÑO

20:30H. XARDÍNS DO SEÑAL
DONNA QUIXOTA De Pina Polar

20:30H. ADRO DO HÍO
CRUNCH! de Muu

20:30H. SALASÓN
LA MUJER PERDIDA de Teatro del Norte

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
CARPE DIEM de Producións Teatraís Excéntricas

LUNS, 01 XULLO

TODO O DÍA NAS RÚAS DE CANGAS
REVOLTALLO EN PEDRA Artistas e Colectivos Culturais

22:30h. AUDITORIO MUNICIPAL
OS UBÚ de Escola de Teatro de Cangas

MARTES, 2 DE XULLO

E XOVES 4 DE XULLO 12:30-14:00H. CAPELA DO HOSPITAL
COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA

20:30H. ALAMEDA VELLA
CARTÓONS de Producións Teatraís Excéntricas

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
VACAS, GUERRAS, PORCOS E CREGOS de Producións Teatraís Excéntricas

MÉRCORES, 03 XULLO

10:00-15:00H CASA DA CULTURA ATA O VENRES 5
**A DRAMATURXIA ACTORAL E OS PROCESOS DE
CREACIÓN COLECTIVA** obradoiro de Teatro En Vilo

21:00H. AUDITORIO MUNICIPAL
ARLEQUINA de Os monicreques de Kukás

22:30H. SALASÓN
III TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

XOVES, 04 XULLO

17:00-20:00H. CASA DA CULTURA para asociadas ADICAM
NÓS QUE (NÓS) QUEREMOS TANTO

20:30H. CRUCEIRO DO HÍO
DONA BARRIGA VERDE de Larraitz Prod. Artísticas

20:30H. PARQUE DA PALMA
TOUT IRA BIEN de Cie dé-chaînée

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
ELECTRA de Companhia do Chapitô

VENRES, 05 XULLO

16:30H. CAPELA DO HOSPITAL
ENCONTRO TEATRO E EDUCACIÓN

20:30H. PRAZA DA PALMA
C'EST PAS POSSIBLE! de Sempre arriba

20:30H. ALAMEDA DE ALDÁN
DONA BARRIGA VERDE de Larraitz Prod. Artísticas

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
EL DESGUACE DE LAS MUSAS de La Zaranda

SÁBADO, 06 XULLO

20:00H. CAPELA DO HOSPITAL
A+A de Ricardo de Barreiro

20:30H. PRAZA DAS PONTES
TENTACIÓN DIVINA de Maiclown/Artlequin

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
GENERACIÓN WHY de Teatro En Vilo

TAQUILLA

1. VENDA DE ABONOS

Do 4 de maio ao 8 de xuño de 2019.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500

Prezo do abono: 50€*

A adquisición do abono ten as seguintes vantaxes:

1. Desconto de 11€ sobre o prezo das entradas en taquilla.
2. Garantiza a entrada sen colas no despacho de billetes para todos os espectáculos.
3. Permite elixir as butacas mellor situadas, A persoa beneficiaria do abono disporá da mesma butaca durante toda a Mostra.

2. VENDA ANTICIPADA PARA CADA ESPECTÁCULO

A partires do 10 de xuño ata o mesmo día da representación de cada espectáculo.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500.

Prezo: 8€*. (Agás espectáculo: ARLEQUINA, 5€).

3. VENDA DE ENTRADAS O MESMO DÍA DA FUNCIÓN

AUDITORIO: Dúas horas antes da función. Prezo:

Prezo: 8€*. (Agás espectáculo: ARLEQUINA, 5€).

4. ESPECTÁCULOS INCLUIDOS NO ABONO.

28 de xuño: COMEDIA AQUILANA.

29 de xuño: LA GRAN OFENSA.

30 de xuño: CARPE DIEM.

2 de xullo: VACAS, GUERRAS, PORCOS E CREGOS.

3 de xullo: ARLEQUINA.

4 de xullo: ELECTRA.

5 de xullo: EL DESGUACE DE LAS MUSAS.

6 de xullo: GENERACIÓN WHY.

A adquisición destas entradas significa a aceptación das condicións seguintes:

O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais polo que, neste caso, declínase toda a responsabilidade e non se permite o acceso ao recinto a todo portador dunha entrada enmendada, rota ou con indicios de falsificación.

Non se admiten cambios ou devolucións.

Prégase máxima puntualidade. É potestade da organización permitir ou non a entrada ao recinto unha vez comezado o espectáculo.

Resérvase o dereito de admisión.

Quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual do espectáculo, non podendo o portador da entrada introducir cámaras fotográficas, de vídeo ou grabadoras, nin filmar o gravar o espectáculo sen autorización do organizador.

Prégase desconectar calquera tipo de aparello electrónico e silenciar as alarmas dos reloxo e dos teléfonos móbiles.

***O público da Mostra ten un servizo de venda de localidades exclusivo SEN GASTOS de xestión pola compra anticipada de entradas ou abonos.**



A MOSTRA

36 anos de humor, festa, chanza, sarcasmo... COMEDIA.

Clowns, funámbulos e cómicas asaltando rúas, praias, escenarios...

Comedias brancas, negras, transgresoras, musicais...

36 anos de público áxil, intelixente, tolerante cos humores, TODOS!

Sen prexuízos, sen límites, sen mordazas.

Rexeitando que gobernos, relixións e poderes mediáticos limiten esta arma extraordinaria, tan útil para a saúde como para enfrontar a máis tebroso realidade.

36 anos de singular alianza entre público, artistas e colectivos diversos, para convivir nove días sen recortes nin axustes orzamentarios ao riso, salouco ou gargallada, senón con altas doses de sátira, mofa, humor e liberdade.

Benvidas, amigas e amigos. A Comedia está servida.



MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
CÓMICO
E FESTIVO
DE CANGAS

#TEATRO NO AUDITORIO

VENRES, 28 XUÑO 22:30H.

COMEDIA AQUILANA

NAO D'AMORES

SÁBADO, 29 XUÑO 22:30H.

LA GRAN OFENSA

LA BENDITA COMPAÑÍA

DOMINGO, 30 XUÑO 22:30H.

CARPE DIEM

PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS

MARTES, 02 XULLO 22:30H.

VACAS, GUERRAS, PORCOS E CREGOS

PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS

MÉRCORES, 03 XULLO 21:00H.

ARLEQUINA

OS MONICREQUES DE KUKAS

XOVES, 04 XULLO 22:30H.

ELECTRA

COMPANHIA DO CHAPITÔ

VENRES, 05 XULLO 22:30H.

EL DESGUACE DE LAS MUSAS

LA ZARANDA

SÁBADO, 06 XULLO 22:30H.

GENERACIÓN WHY

TEATRO EN VILO





COMEDIA AQUILANA

NAO D'AMORES. COPRODUCE COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO, SEGOVIA AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 28 XUÑO 22:30H. ESTREA EN GALICIA

No ano 2001 nace Nao d'amores, colectivo de profesionais procedentes do teatro clásico, os títeres e a música antiga, que baixo a dirección de Ana Zamora, desenvolve un labor de investigación e formación para a posta en escea do teatro medieval e renacentista.

O escudeiro Aquilano e a princesa Felicina son amantes; o Rei Bermudo, o seu pai, ao saber dos seus amores ordena a morte de Aquilano, pero o criado Faceto revela entón que en realidade Aquilano é fillo do rei de Hungría, isto enche de ledicia ao rei e autoriza a voda.

Versión e Dirección: Ana Zamora
Autoría: Bartolomé de Torres Naharro
Destinado a: Público adulto
Duración: 60'

Interpretación: Silvia Acosta, María Besant / Irene Serrano, Javier Carramiñana, Juan Meseguer, Belén Nieto, Alejandro Saá, María Alejandra Saturno, Isabel Zamora

Dirección musical: Alicia Lázaro
Asesor de verso: Fuentes de la Voz
Escenografía: Ricardo Vergne
Coreografía: Javier García Ávila
Diseño de Estampación: Iván San Martín
Realización Escenografía: Purple Servicios
Estampación en tela: Círculo Textil
Dirección Técnica: Fernando Herranz
Vídeo Promocional: Lapierna Audiovisual
Producción Executiva: Germán H. Solís

Asesor Commedia dell'arte: Fabio Mangolini
Vestuario: Deborah Macías (AAPEE)
Iluminación: M. A. Camacho
Axte. de Escenografía e Vestuario: Henar Montoya
Realización de Vestuario: Ángeles Marín
Realización de Escenografía: Carpintería Sta. Amalia
Atrezzo: Paco Cuero, Deborah Macías, Henar Montoya
Fotografía: Javier Herrero Valle
Prensa: Josi Cortés
Distribución: Nao d'amores



LA GRAN OFENSA

LA BENDITA COMPAÑÍA, CATALUÑA. AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 29 XUÑO 22:30H. ESTREA ABSOLUTA

ESTREA CONXUNTA EN COLABORACIÓN MITCFC E SINGLOT

Cada venres xuntámonos a contarnos a nosa semana, sempre cun humor moi negro e cínico. Para nós este encontro é coma unha relixión, nunca falta ninguén. Chamámolo "Os benditos venres". De aí nace La Bendita Compañía, coa intención de plasmar ese humor en obras de ficción.

"La gran ofensa" interpela ao espectador, preguntándolle se existen límites no humor. ¿Hai que procesar a alguén por contar un chiste? ¿Debemos censurar a comedia? ¿Pódese facer humor de calquera tema?

Dous cómicos, demandados por un chiste, buscan evitar o cárcere e o ataque da opinión pública.

Dirección: Oriol Pérez, Serapi Soler

Autoría: Dani Amor, Oriol Pérez, Serapi Soler, Cristian Valencia

Destinado a: Público adulto

Duración: 90'

Reparto: Dani Amor, Artur Busquets, Betsy Túrnez, Cristian Valencia

Escenografía: Noemí Costa

Iluminación: Adrià Rico

Coproducción: La Bendita Compañía e El Terrat

#TEATRO NO AUDITORIO 07



CARPE DIEM

PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS, GALICIA. AUDITORIO MUNICIPAL, DOMINGO, 30 XUÑO 22:30H.

O EQUIPO ARTÍSTICO DESTE ESPECTÁCULO CELEBRARÁ UN COLOQUIO CO PÚBLICO O MARTES 2 DE XULLO ÁS 12.30H NA CAPELA DO HOSPITAL

Excéntricas orienta os seus traballos ao territorio da comedia e da farsa. Serve de plataforma para as creacións de Mofa & Befá ou Quico Cadaval. Tamén explora outras formas do humor máis sarcástico de autores internacionais como Shakespeare, Martin Mc Donagh ou Topor. 2019 é o noso 15º aniversario.

Unha muller e un home coñécense nunha festa de fin de ano e comezan unha relación ilícita. A súa rutina consiste en cinema de barrio e motel barato. No palco aparecerán o autor, manipulando as súas pequenas criaturas, os dous amantes, e un músico, ennobrecendo con aveludadas melodías o affaire.

Dramaturxia e dirección: Quico Cadaval

Autoría: Rubem Fonseca

Destinado a: Público adulto

Presentación: 2019

Duración: 80'

Elenco: María Costas, Marcos Viéitez, Víctor Mosqueira e Mon Orenco

Espazo escénico e deseño gráfico: Ana Seoane

Vestuario: Uxía Vaello

Dirección Musical: Mon Orenco

Iluminación: Octavio MAs

Montaxe e documentación cinematográfica: MARcos PTT Carballido

Producción: Rubén G. Pedrero



VACAS, GUERRAS, PORCOS E CREGOS

PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS, GALICIA. AUDITORIO MUNICIPAL, MARTES, 02 XULLO 22:30H.


Excéntricas orienta os seus traballos ao territorio da comedia e da farsa. Serve de plataforma para as creacións de Mofa & Befá ou Quico Cadaval. Tamén explora outras formas do humor máis sarcástico de autores internacionais como Shakespeare, Martin Mc Donagh ou Topor. 2019 é o noso 15º aniversario.

Cadaval conta a historia dun antepasado, Xuán o Fino, un home bo coa familia, pacífico e bo viciño. Unha personaxe carente de interese para o público, por estar exento de maldade. Mais observando o entorno do patriarca, aparecen historias extraordinarias protagonizadas por personaxes menos virtuosos.

Dirección: Quico Cadaval
Autoría: Quico Cadaval
Destinado a: Público adulto
Duración: 80'

Elenco: Quico Cadaval

Deseño Gráfico: Javier de la Rosa
Iluminación: Pepe Quintela
Producción: Rubén G. Pedrero



ARLEQUINA

OS MONICREQUES DE KUKAS, GALICIA. AUDITORIO MUNICIPAL, MÉRCORES, 03 XULLO 21:00H.

O EQUIPO ARTÍSTICO DESTE ESPECTÁCULO CELEBRARÁ UN COLOQUIO CO PÚBLICO O XOVES 4 DE XULLO ÁS 12.30H NA CAPELA DO HOSPITAL

Os Monicreques celebran o 40 aniversario, o que supón o nacemento do teatro con marionetas contemporáneo galego. Cunha liña de traballo moi persoal e variada tanto polas técnicas empregadas como polos formatos, temas tratados e público ao que vai dirixido, os seus espectáculos son sempre en galego.

Espectáculo dirixido a todos os públicos que combina o traballo de actor coa animación de marionetas, a maxia e a música en directo nun espazo escénico suxerente no que todos forman parte da divertida, misteriosa e trepidante aventura que supón a viaxe de Arlequina, unha peculiar marioneta de papel.

Dirección: Isabel Rey Pousada, Marcelino de Santiago (Kukas)

Autoría: Marcelino de Santiago (Kukas)

Destinado a: Público familiar

Duración: 60'

Intérpretes: Jorge Casas Caneiro, Isabel García Coldeira, Borxa Insua Lema, Marcelino de Santiago Viqueira, Larraitz Urruzola Tolosa, Ero Vázquez Cabrera

Músicos de Zoar Ensemble: Joan Ibañez, Benjamin Iglesias, Alex Salgueiro, Antonio Suare, David Villa

Deseños marionetas, escenografía: Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas)

Música: Zoar Ensemble

Composición cancións: Benxamín Iglesias

Deseño publicidade: Isabel Rey

Deseño iluminación: Miguel Cabaleiro Saco



ELECTRA

COMPANHIA DO CHAPITÔ, LISBOA, PORTUGAL. AUDITORIO MUNICIPAL, XOVES, 04 XULLO 22:30H.

A Companhia do Chapitô, con 36 creacións orixinais ás súas costas dende 1996, explora o estilo da comedia visual e física que invita á imaxinación do público, recibindo numerosos premios recoñecidos en escenarios de todo o mundo.

Electra, a filla preferida do rei Agamenón, consumará a vinganza polo asasinato do seu pai coa axuda do seu irmán Orestes, matando á súa propia nai e ao seu tío Existo, que usurpou a coroa. E todo este baño de sangue familiar cóntase co estilo cómico e inconfundible de Chapitô.

Dirección: Jose Carlos García, Cláudia Novó

Autoría: Sófocles, creación colectiva

Destinado a: Público adulto

Duración: 60'

Interpretación: Jorge Cruz / Nádia Santos – Susana Nunes / Tiago Viegas

Vestuario: Glória Mendes

Dirección Técnica: Paulo Cunha

Texto en castelán: María Guerrero e César Arias

Dirección de produción: Tânia Melo Rodrigues

Distribución - contratación: César Arias – MARMORE



EL DESGUACE DE LAS MUSAS

LA ZARANDA, MADRID. AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 05 XULLO 22:30H. ESTREA EN GALICIA

La Zaranda emprende o seu camiño teatral hai case catro décadas e faino cun intenso labor creativo que lle valeu un grande prestixio internacional. As constantes teatrais da súa traxectoria, o compromiso existencial e a fidelidade ás súas raíces, serven para revelar unha simboloxía universal.

Alegoría dunha cultura apuntoada, que espera a súa derruba, situada nun antro lóbrego, infestado polas ratas que se asoman aos nosos traballos, onde un núcleo de artistas illados e a contracorrente resisten, esgotados, entre a resignación e o rancor, sen ningún heroísmo.

Dirección: Paco de la Zaranda

Autoría: Eusebio Calonge

Destinado a: Público adulto

Duración: 95'

Reparto:

Gabino Diego

Inma Barrionuevo

M^a Ángeles Pérez-Muñoz

Francisco Sánchez

Gaspar Campuzano

Enrique Bustos



GENERACIÓN WHY

TEATRO EN VILO, MADRID. AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 06 XULLO 22:30H.

Teatro En Vilo é unha compañía internacional de teatro afincada en Madrid que, cos seus espectáculos e formacións, busca situarse na delgada liña que separa o teatro da vida e a ficción da realidade, facendo comedias de problemas actuais.

Tres actrices procedentes de España, Reino Unido e Italia, enfróntanse sobre o escenario a unha simple pero controvertíbel pregunta: Que queres para o teu futuro? O xogo de imaxinar futuros posibles (ou imposibles) convértese nunha invocación para desentrañar soños e expectativas.

Dirección: Andrea Jiménez

Autoría: Creación colectiva

Destinado a: Público adulto

Duración: 65'

Intérpretes: Noemi Rodríguez Fernández (Galicia), Chiara Goldsmith (Reino Unido/Italia), Roisin O'mahony (Reino Unido/Irlanda), Andrea Jiménez García (Madrid)

Dramaturxia: Creación Colectiva de Teatro En Vilo

Diseño de Luces: JMiguel Ruz

Espazo escénico: María José Martínez, María Gil de Bustamante

Fotografía: Álvaro Serrano Sierra, Ariana Cárdenas, Pablo Blanco

Agradecementos: Thibaut Garçon, Lise Belperron, Nicolas Perruchon, Inda Pereda, Kumar Muniandy

Producción: Teatro En Vilo

Distribución: Proversus

Dirección: Andrea Jiménez García

#TEATRO NA RÚA

XOVES, 27 XUÑO - 02 DE XULLO: CANGAS, BUEU E MOAÑA (ITINERANTE)

PROXECTO CUCO: CULTURA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

TEATRO TÍO TEIXO. COPRODUCE MITCFC

VENRES, 28 XUÑO 19:30H. PRAZA DA CONSTITUCIÓN

SIE7E

YMEDIOTEATRO

SÁBADO, 29 XUÑO 20:30H. PARQUE DA PALMA E DOMINGO, 30 XUÑO 20:30H. ADRO DO HÍO

CRUNCH!

MUJ

DOMINGO, 30 XUÑO 20:30H. XARDÍNS DO SEÑAL

DONNA QUIXOTA

PINA POLAR

MARTES, 02 XULLO 20:30H. ALAMEDA VELLA

CARTÓONS

PRODUCCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS

XOVES, 04 XULLO 20:30H. CRUCEIRO DO HÍO E VENRES, 05 XULLO 20:30H. ALAMEDA DE ALDÁN

DONA BARRIGA VERDE

LARRAITZ PRODUCCIÓNS ARTÍSTICAS

XOVES, 04 XULLO 20:30H. PARQUE DA PALMA

TOUT IRA BIEN

CIE DÉ-CHAÎNÉE

VENRES, 05 XULLO 20:30H. PARQUE DA PALMA

C'EST PAS POSSIBLE!

SEMPRE ARRIBA. COPRODUCE MITCFC

SÁBADO, 06 XULLO 20:30H. PRAZA DAS PONTES

TENTACIÓN DIVINA

MAICLOWN/ARTLEQUIN





PROXECTO CUCO: CULTURA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

TEATRO TÍO TEIXO. COPRODUCE MITCFC, GALICIA

27 XUÑO - 02 DE XULLO: CANGAS, BUEU E MOAÑA. ESTREA ABSOLUTA

Tío Teixo Teatro forma parte dun proxecto de animación teatral, de contacontos e bibliográfica vinculada a pedagogía sobre o coidado da natureza que naceu en 1.989 (recén cumpridos os 30 anos), con máis de 9.500 sesións artísticas en 3.000 espazos de Galiza, Asturias, O Bierzo, País Vasco e Portugal.

O proxecto Cuco promove a intervención artística en espazos abertos de rúa, parques, prazas, praias, baixo uns parámetros de compromiso coa sensibilización sobre o coidado da terra e diminución das emisións de CO2 a través de tres propostas: Teatro Espido "O mar de amar", Teatricleta e animación de rúa "A música da auga"

Dirección: Servando Barreiro, Anxo Moure

Autoría: Anxo Moure, Servando Barreiro

Tipo: Rúa

Destinado a: Público familiar

Duración: 45'

Elenco: Servando Barreiro e Anxo Moure

SIE7E

YMEDIATEATRO, ANDALUCÍA

PRAZA DA CONSTITUCIÓN, VENRES, 28 XUÑO 19:30H.

ymediateatro é unha compañía de artes escénicas cunha valente carreira creativa que definen as súas producións multidisciplinares e emotivas, unha das compañías andaluzas de referencia e de maior proxección internacional.

SIE7E, un espectáculo innovador para todos os públicos que fusiona o teatro de rúa co teatro de sala. Dous espectáculos nun para un evento único: Ábrese un novo teatro na cidade, pero non é un teatro normal. Un teatro que nunca viches. Un teatro con rodas. No seu interior de sie7e metros cadrados, grupos de quince espectadores en funcións de 10 minutos. Un detallista espazo escénico en miniatura onde se encaixan os maiores soños. Sorprendentes sketches cómicos baseados na manipulación de obxectos cotiáns que cobran vida maxicamente e contan as súas conmovedoras historias.

Dirección e Autoría: ymediateatro

Tipo: Microteatro na rúa

Destinado a: Público familiar

Duración: 180'

Actores / manipuladores: Álex Ramos e Santos Sánchez

Deseño de escenografía: ymediateatro

Construcción de escenografía: ymediateatro, Pedro Sánchez e Isabel Torres

Deseño gráfico: Olaavi Naamio

#TEATRO NA RÚA 15



CRUNCH!

MUU. COPRODUCE MITCFC, GALICIA

SÁBADO, 29 XUÑO 20:30H. PARQUE DA PALMA E DOMINGO, 30 XUÑO
20:30H. ADRO DO HÍO. ESTREA ABSOLUTA

A compañía Muu nace da colaboración entre Assircópatas e Circo Chosco. A simbiose entre a sorprendente forma de ver o mundo, o humor, a vida, os conflitos e solucións de Assircópatas e a técnica acrobata e clown de Óscar Páez, de Circo Chosco

Dous superheroes que están dispostos a todo para axudar, aínda que as cousas non saian sempre como queren. Os seus problemas son os teus problemas, coa crise, a conciliación laboral e familiar faise difícil incluso para eles. No fondo todas somos superheroes.

Dirección: Natalia Outeiro "Pajarito"

Autoría: Muu

Tipo: Circo e clown

Destinado a: Público familiar

Duración: 50'

Elenco: Daniel Blanco e Óscar Páez



DONNA QUIXOTA

PINA POLAR, POLONIA

XARDÍNS DO SEÑAL, DOMINGO, 30 XUÑO 20:30H. ESTREA EN GALICIA

Nada no profundo Este de Polonia. Durante as súas aventuras intelectuais na facultade de filosofía, Pina descubriu a arte circense e converteuse na súa paixón total. Chegou ao universo dos pallasos no 2010 en Berlín e, dende entón, está creando e intentando facer do mundo un lugar mellor.

Pina leva unha bonita e antiga librería. Os libros que a rodean despertan a súa imaxinación e nos arrastra a un universo de fantasía. Ao abrir a obra de Cervantes, Pina transfórmase en Donna Quixota e inicia unha viaxe chea de aventuras. Abre a porta da imaxinación e calquera cousa pode pasar...

Dirección: Aitor Basauri (SpyMonkey)

Autoría: Joanna Sakowicz

Tipo: Circo e clown

Destinado a: Público familiar

Estrea: Estrea en Galicia

Duración: 55'

Intérprete: Pina Polar (Joanna Sakowicz)



CARTOONS

PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS, GALICIA

ALAMEDA VELLA: PALCO DA MÚSICA, MARTES, 02 XULLO 20:30H.

Excéntricas orienta os seus traballos ao territorio da comedia e da farsa. Serve de plataforma para as creacións de Mofa & Befá ou Quico Cadaval. Tamén explora outras formas do humor máis sarcástico de autores internacionais como Shakespeare, Martin Mc Donagh ou Topor. 2019 é o noso 15º aniversario.

Dous tipos abandonados nas marxes. Persoas que perderon todo e teñen que aprender a facelo todo de novo, dende a cunca na que beber até o smoking que necesitan para acudir a unha gala. Todo isto parece un drama, mais non é. A ollada inocente dos pallasos fannos ver as cousas diferentes.

Dirección e Autoría: Víctor Mosqueira, Josito Porto

Tipo: Rúa

Destinado a: Público familiar

Duración: 55'

Elenco: Josito Porto e Víctor Mosqueira

Espazo escénico e deseño gráfico: Marcelino de Santiago "Kukas"

Iluminación: Pepe Quintela

Producción: Rubén G. Pedrero

Apoio na dirección de Quico Cadaval



DONA BARRIGA VERDE

LARRAITZ PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS, GALICIA

XOVES, 04 XULLO 20:30H. CRUCEIRO DO HÍO E VENRES, 05 XULLO 20:30H.

ALAMEDA DE ALDÁN

Larraitz Urruzola domina varias técnicas de manipulación de monicreques, é creadora de propostas escénicas para público familiar dende 1989, trinta anos de percorrido por varias compañías profesionais de títeres de Galicia, onde amosou gran versatilidade artística e capacidade de conexión e comunicación co público.

Dona Barriga Verde é unha pícara, cantarina e pandereteira que armada de inxenio desafiá as dificultades cotiás encarando as situación sen filtros, vence ao medo e ás inxustizas defendendo a súa integridade e amor propio fronte aos monstros, ao amor, á morte e até ao mesmísimo demo.

Dirección: Santi Prego

Autoría: Larraitz Urruzola

Tipo: Monicreques

Destinado a: Público familiar

Duración: 45'

Actriz/titiriteira: Larraitz Urruzola

Deseño retablo e caracterización pictórica dos títeres: Kukas

Talla en madeira e atrezzo: Borja Insua

Vestuario: Bety Busto

Fotografía: Kukas

Vídeo: Pixelín Photo

Deseño gráfico: Heitor Real

Colaboración atrezzo: Pepe Penabade

Colaboración palleta: Monica Fraga e Che Vazquez

#TEATRO NA RÚA 17



TOUT IRA BIEN

CIE DÉ-CHAÎNÉE, FRANCIA. ESCENARIO PARQUE DA PALMA, XOVES, 04 XULLO 20:30H. ESTREA EN GALICIA

Cie Dé-Chaînée xorde coa idea de crear espectáculos que falen da nosa sociedade actual a través do teatro xestual e o humor. Tout Ira Bien de María Cadenas foi un dos 7 proxectos seleccionados polo Groupe Geste(s) e participou en diversos festivais de Francia e España.

Entre o clown e o teatro xestual, Tout Ira Bien conta a historia dunha muller que loita contra a precariedade e a soidade co humor como única arma. Rompendo os tabús do éxito e ríndose das adversidades da vida, Dolores prepara unha receita que nos vai descubrir de que pasta está feita.

Dirección: María Cadenas
Autoría: María Cadenas
Tipo: Clown-xestual
Destinado a: Público familiar
Duración: 45'
Interpretación: María Cadenas
Axudante dirección: Antonio Ávila
Decorado: Romain Thomas
Vestuario: Carmen Cabello
Cartel: Anne Loève
Música: Liam Morrissey e Nelson Vergara





C'EST PAS POSSIBLE!

SEMPRE ARRIBA. COPRODUCE MITCFC, GALICIA

PARQUE DA PALMA, VENRES, 05 XULLO 20:30H. ESTREA ABSOLUTA

Sempre Arriba é a compañía de clown e circo coa que se presenta Marta Iglesias. Artista multidisciplinar galega, que logo dun percorrido artístico con outras compañías de clown, teatro de rúa e circo, mostra o seu traballo en solitario no que combina a linguaxe clown coa acrobacia aérea.

Un espectáculo en clave de clown que invita a ver que si é posible saír da rutina. Combinando o clown e as acrobacia aéreas, proponnos unha viaxe cara ao reencontro cun mesmo e o pracer de vivir e compartir.

Dirección: Mamen Olías, Jaume Navarro (La Industrial Teatral)

Autoría: Marta Iglesias, Mamen Olías, Jaume Navarro

Tipo: Circo e clown

Destinado a: Público familiar

Duración: 45'

En escena: Marta Iglesias

Técnico: Inda Pereda

Edición musical: Iago Gordillo

Vestuario: Claudina Romero

Escenografía: Jose Ortíz

Fotos e vídeo: Malala Ricoy



TENTACIÓN DIVINA

MAICLOWN/ARTLEQUIN, MADRID

PRAZA DAS PONTES, SÁBADO, 06 XULLO 20:30H. ESTREA EN GALICIA

Maité Esteban Oliva é unha clown, actriz e acróbata aérea argentina. En 2016 estrea o seu unipersonal "TENTACIÓN DIVINA" de creación propia e baixo a dirección final de Rolando San Martín. Espectáculo co que participa en máis de 20 Festivais en Arxentina, México, Portugal e España.

Mercurio é un ánxo irreverente, desafiador e inimputábel! Preocupadamente despreocupada, perigosamente curiosa, sospeitosamente inxenua e cunha grande capacidade interpretativa... errada, pero interpretativa ao fin, Mercurio baixa por primeira vez á terra en Misión Divina...

Dirección: Maité Esteban Oliva, Rolando San Martín

Autoría: Maité Esteban Oliva

Tipo: Acrobacia e clown

Destinado a: Público familiar

Duración: 50'

Interpretación: Maité Esteban Oliva

Técnico de son: Fernando Terol García

Deseño de luces: Verónica Pintado

Deseño web: Luciana Castelli

#ESPAZOS ALTERNATIVOS

VENRES, 28 XUÑO 2019 20:30H. CAPELA DO HOSPITAL

A ILLA DAS MATRIARCAS

APORÍA ESCÉNICA/THEATRE OF THE ANCIENTS/ MITCFC

DOMINGO, 30 XUÑO 20:30H. SALASÓN

LA MUJER PERDIDA

TEATRO DEL NORTE

MÉRCORES, 03 XULLO 22:30H. SALASÓN

III TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MITCFC/DRAMATURGA/FUNDACIÓN SGAE

SÁBADO, 06 XULLO 2019 20:00H. CAPELA DO HOSPITAL

A+A

RICARDO DE BARREIRO





A ILLA DAS MATRIARCAS

APORÍA ESCÉNICA / THEATRE OF THE ANCIENTS / MITCFC, GALICIA-ILLAS BALEARES

CAPELA DO HOSPITAL, VENRES, 28 XUÑO 20:30H. ESTREA ABSOLUTA

Aporía Escénica, dirixida por Diana Mera, explora o universo da muller e a ecoloxía a través da hibridación de linguaxes que potencien a plasticidade. Theatre of the Ancients, dirixida por Joanna Hruby, é unha compañía de teatro de títeres baseados na mitoloxía, historia e folclore de Ibiza.

A Illa das Matriarcas é unha ponte entre o Atlántico e o Mediterráneo, entre o microuniverso das Illas de Ibiza e Arousa, entre Diana e Joanna. Procesos vivenciais que nos achegan á historia tradicional e cotiá. Un Ir e Volver rítmico onde espellarnos a través da figura mítica do paxaro e do mar.

Dirección: Diana Mera e Joanna Hruby

Autoría: Diana Mera e Joanna Hruby

Destinado a: Público adulto

Duración: 60'

Títeres e Escenografía: Joanna Hruby

Fotografía: Enrique Villalonga

LA MUJER PERDIDA

TEATRO DEL NORTE, ASTURIAS

SALASÓN, DOMINGO, 30 XUÑO 20:30H. ESTREA EN GALICIA

Teatro del Norte é unha compañía creada en 1985 en Lugones (Asturias). Nos seus 34 anos de existencia creou 70 espectáculos que representou en España, Portugal, Holanda, Italia, Francia, Montenegro, Rumanía, Moldavia, Exipto, Arxentina, Uruguai, Brasil, USA, O Salvador e México.

Hai mulleres mártires, como Mariana Pineda, hai mulleres guerreiras como Elektra, hai mulleres rebeldes como Nora, pero hai tamén mulleres humilladas e perdidas, aínda que esteamos en pleno século XXI.

E diso trata "La mujer perdida", de todas esas mulleres, anónimas e esquecidas.

Dirección: Etelvino Vázquez

Autoría: Etelvino Vázquez

Destinado a: Público adulto

Duración: 50'

Intérprete: Cristina Lorenzo

Espazo escénico: Carlos Lorenzo

Vestuario: Manuela Caso

Iluminación: Rubén Álvarez



III TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MITCFC, DRAMATURGA E FUNDACIÓN SGAE, GALICIA
SALASÓN, MÉRCORES, 03 XULLO 22:30 H.

O III Torneo de Dramaturxia de Galicia consolídase como unha aposta firme da MITCFC para dar a coñecer a nosa dramaturxia, creando un nexo directo entre autoras/es e público. Este proxecto, pioneiro en Galicia, conta coa imprescindible colaboración de DramaturGA, a primeira asociación profesional da dramaturxia galega.

Unha mestra de cerimonia única presentará este furioso combate no que catro recoñecidas dramaturGAS e dramaturGOS de Galicia bátense na procura do voto do público. As armas a usar? Retruques da palabra, ideas, ritmos, conflitos, sorpresas, accións, silencios.

O público asistirá a catro lecturas dramatizadas, interpretadas por actrices e actores profesionais de recoñecido prestixio, e será o propio público quen vote os textos que máis lles teñan gustado para que, de entre as catro pezas participantes, resulte unha soa a gañadora. Un espectáculo teatral, divertido e único que se verá avivado pola participación activa do público.

Mestra de Cerimonias: Esther F. Carrodeguas
DramaturGAS: Carmen Conde, Ana Carreira, Fran Godón e Zé Paredes
Pianista: Velpister

A+A

RICARDO DE BARREIRO, GALICIA
CAPELA DO HOSPITAL, SÁBADO, 06 XULLO 20:00H.

Ricardo de Barreiro é actor, pintor e poeta. Como actor foi recoñecido con diversos premios. Como pintor leva feitas múltiples exposicións e como poeta ten publicados dous libros. Ricardo navega por libre e defínese como "unha illa que flota á marxe no medio do Mar".

A+A é unha travesía polos sentidos, unha viaxe en barco pola marea máis suxestiva e bravía: o amor. Primeira edición de 500 exemplares a piques de esgotarse. Segunda edición en proceso. Máis de 600 persoas coma mariñeiras cómplices asistentes ás 28 performance realizadas ata o de agora.

Dirección: Ricardo de Barreiro
Autoría: Ricardo de Barreiro
Tipo: Performance-presentación audio libro
Destinado a: Público adulto
Duración: 75'
Proposta escénica: RdeB & Iván Folgueira
Texto & ilustracións: RdeB
Edición do caderno: Ricardo de Barreiro
Maquetación: ti+eu
Impresión e encadernación: Norprint

XIX XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

As Mulleres en Acción existen, existiron e existirán sempre.

Grazas a elas chegamos até este século XXI mergulladas nun poderoso activismo feminista, nunha revolta pacífica pero implacable contra un sistema heteropatriarcal e económico que marxina, sexualiza, violenta e empobrece ás mulleres do planeta, ao 50% da humanidade.

Mulleres de todas as etnias e procedencia sociocultural, académicas, kellys, actrices, dependentas, filósofas, labregas, doutoras, cociñeiras, escritoras, recolectoras, políticas, mariscadoras, músicas, coidadoras, xornalistas, conserveiras ou xuristas, unidas para rachar cos teitos de cristal e chans pegañentos que impiden unha vida digna, igualitaria e libre de violencia.

Neste contexto, as XIX Xornadas Mulleres en Acción acollerán a catro estupendas escritoras que presentarán os seus últimos libros sobre Sexo, Feminismos e Cultura: Inma López Silva, Anna R. Figueiredo, Amada Traba e Chis Oliveira.

Proseguemos co labor de visibilizar o traballo artístico de mulleres que, a pesar de contar cunha obra importante, seguen a ser perfectas descoñecidas para a maior parte da sociedade.

Así, nesta 19ª edición, celebraremos un acto en recoñecemento á traxectoria profesional da pianista e compositora Enma Pino, falecida prematuramente hai cinco anos. Participan a pintora Menchu Lamas, as cantantes Uxía Senlle e María Costas, a escritora Ánxos Sumai, a ilustradora e música Laura Romero, a pianista Elvira Pontevedra e a videocreadora Area Erina.

O premio Mulleres en Acción é para a cantautora SÉS cuxa música e discurso convertérona nun exemplo de empoderamento e igualdade para as nenas e nenos do noso país, un auténtico referente.

Servan pois estas xornadas como impulso do 8M 2020.

Benvidxs!

XOVES, 27 XUÑO 19:30H. AUDITORIO MUNICIPAL

ENMA PINO

XORNADA

VENRES, 28 XUÑO 22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2019

A MARÍA XOSÉ SILVAR, SÉS

SÁBADO, 29 XUÑO 19:00H. SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

SEXO, FEMINISMOS E CULTURA

XORNADA

SÁBADO, 29 XUÑO 21:00H. SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

QUINCE MINUTOS

MÓNICA SUEIRO



#MULLERES EN ACCIÓN 23



ENMA PINO. LUZ SOBRE A HISTORIA

ENMA PINO. PIANISTA E COMPOSITORA (TUI 1958 – VIGO 2014)

AUDITORIO MUNICIPAL, XOVES, 27 XUÑO 19:30H.

O líquido amniótico no que Enma Pino navegou antes de entrar neste mundo debeu estar cheo de fusas, semifusas e corcheas, porque toda ela foi blues. Auténtica alma de blues.

Activista infatigable pola cultura, excelente arreglista, dirixe musicalmente o primeiro concerto de mulleres celebrado en Vigo nos anos 90.

Enma Pino abandona este mundo demasiado nova, con moito por facer pero deixando unha vibrante pegada creativa, chea de talento, brillo e paixón. Pegada que hoxe Mulleres en Acción-MITCFC que-remos celebrar.

INTERVEÑEN:

Laura Romero. Ilustradora, Urban Sketcher e Música.

Menchu Lamas. Pintora.

Ánxos Sumai. Escritora.

Elvira Pastoriza. Profesora e Pianista.

Uxía Senlle. Cantante e Compositora.

María Costas. Cantante e Actriz.

O acto pecharase coa estrea dun documental sobre a vida e obra da compositora, realizado pola video-creadora Area Erina e producido pola MITCFC.



PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2019

A MARÍA XOSÉ SILVAR, SÉS


AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 28 XUÑO 22:30H.

En recoñecemento ao seu espléndido labor artístico, compromiso e discurso a prol da igualdade e empoderamento das mulleres, labor que a converte nun exemplo de muller libre que non hipoteca o seu éxito artístico a unha imaxe sexualizada ou estereotipada de si mesma senón á súa música e ás súas ideas.

SÉS triunfou en Galicia e máis aló grazas á súa proposta ecléctica que vai do rock ao blues pasando pola canción de autor latinoamericana, con espazo tamén para a alma de “cantareira” que hai no seu interior.

SÉS é María Xosé Silvar (A Coruña, 1982), unha cantora galega de orixe bergantiñá que comezou na música tradicional. En 2007 creou canda outros tres amigos o grupo Chámalle Xis!, grupo revelación daquel ano ao gañar o concurso Acoruña Son, apadrinado por Santiago Auserón. A partir de aí, en 2010 Sés gravou unha maqueta con tres temas e en 2011 lanzou o seu primeiro disco, ‘Admirando a condición’. Logo virían ‘Co xenio destruído (2013), ‘Tronzar os valos’ (2015), ‘Opoñerse á extinción’ (2016) e ‘Readmirando a condición’ (2018).

Ven de publicar ‘Rabia ao Silencio’ (Altafonte, 2019), un disco de adaptacións, e xa está a gravar un álbum que publicará a comezos de 2020.



SEXO, FEMINISMOS E CULTURA

XORNADA PRESENTADA POR MARÍA ARMESTO

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS, SÁBADO, 29 XUÑO 19:00H.

19.15H. FEMINISMOS. A HISTORIA CÓNTANA ÁS VENCEDORAS

Anna R. Figueiredo. Escritora. Premios 2014: Relato Curto Mugardos; Quintal Literario; Relato Curto Inspiraciencia. En 2018 gaña o Premio Viadutos de Novela.

19.30H. CHÁMAME SEÑORA PERO TRÁTAME COMA A UN SEÑOR

Inma López Silva. Escritora. Premios: Rúa Nova 1996; Xerais 2002; Blanco Amor 2007; AELG 2008; Arcebispo San Clemente 2008; Insua dos Poetas 2016.

19.45H. ÁM@ME. PENSAR O AMOR NO SÉCULO XXI

Chis Oliveira. Catedrática de Filosofía e Doutora en Educación Sexual. Experta na educación sexual de adolescentes. Premio Irene Ministerio Educación 2011.

Amada Traba Díaz. Licenciada en Ciencia Políticas e Socioloxía. Profesora Uvigo de Socioloxía da Educación. Experta en socioloxía do xénero.

20.15H. DEBATE

Conduce **Gaila Fernández Mariño.** Integrante da Asemblea Feminista Asumcordas.

21.00H. ESPECTÁCULO: 15 MINUTOS

Actriz e Directora: **Mónica Sueiro.**

21.20H. CLAUSURA

QUINCE MINUTOS

MÓNICA SUEIRO, GALICIA

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS, SÁBADO, 29 XUÑO 21:00H.

Mónica Sueiro é actriz, creadora, directora de escena e pedagoga teatral. Despois de dez anos centrada na creación dende a pedagogía e a dirección escénica, retoma o seu proxecto como intérprete atendendo aos códigos escénicos que lle interesan e na procura da súa propia linguaxe.

A Actriz solicita as súas "criaturas en expansión" unha peza para ser representada. Un texto sublime que faga a súa vida soportable. Desexo cumprido. Por fin vai ter un escenario, público e unha caixa con instrucións para construír unha escena. Só ten quince minutos e poden ser unha eternidade.

Dirección: Mónica Sueiro

Autoría: Mónica Sueiro

Destinado a: Público adulto

Duración: 15'

Interpretación: Mónica Sueiro

Letra e música de "Estou ata a cona": Sergio Llauger

Coreografía de "Pink Panther moment": Merche Pérez

Deseño gráfico: Muqui Appleseed

#EVENTOS

VENRES, 28 DE XUÑO A SÁBADO, 6 DE XULLO. AUDITORIO MUNICIPAL

30 ANOS DO TEATRO DO MORCEGO

EXPOSICIÓN

VENRES, 28 XUÑO 22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL

PREGÓN XXXVI MITCFC

POR QUICO CADAVAL

SÁBADO, 29 DE XUÑO A DOMINGO, 7 DE XULLO. CAPELA DO HOSPITAL

EROTISMO SEN +

EXPOSICIÓN ENCARNA DE BÉJAR

LUNS, 01 XULLO. TODO O DÍA NAS RÚAS DE CANGAS

REVOLTALLO EN PEDRA

ARTISTAS E COLECTIVOS CULTURAIS

LUNS, 01 XULLO 22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL

OS UBÚ

ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS

MARTES, 02 XULLO E XOVES, 04 XULLO 12:30H. CAPELA DO HOSPITAL

COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA

ERREGUETÉ

MÉRCORES, 03 XULLO A VENRES, 05 XULLO DE 10:00 A 15:00H. CASA DA CULTURA

A DRAMATURXIA ACTORAL E OS PROCESOS DE CREACIÓN COLECTIVA

OBRADOIRO DE TEATRO EN VILO

XOVES, 04 XULLO 17:00H. CASA DA CULTURA

NÓS QUE (NOS) QUEREMOS TANTO

TALLER PARA ASOCIADAS ADICAM

VENRES, 05 XULLO 16:30H. CAPELA DO HOSPITAL

TEATRO E EDUCACIÓN


ENCONTRO

SÁBADO, 06 XULLO 22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

AOS MONIGREQUES DE KUKAS





30 ANOS DO TEATRO DO MORCEGO

EXPOSICIÓN: VENRES, 28 DE XUÑO A SÁBADO, 6 DE XULLO. AUDITORIO MUNICIPAL

Sesenta e oito anos despois da fascinación que sentiu Castelao en París co Théâtre du Chauve-Sauris de Nikita Balief, o actor e director Celso Parada funda en Cangas, xunto a Isabel Ávila, unha compañía que bautizan como Teatro do Morcego, en homenaxe ao xenio de Rianxo.

30 anos baixo a dirección de Celso Parada converteron ao Teatro do Morcego nunha compañía de referencia, imprescindible para explicar a historia teatral deste país. Cunha produción de máis de trinta espectáculos e numerosos premios recibidos, Teatro do Morcego non só conta co respecto, admiración e recoñecemento de toda a escena galega senón co favor incondicional do público.

A MITCFC quere celebrar estes frutíferos 30 anos e recoñecer o intenso labor artístico e profesional da compañía. 30 anos de bo facer que tanta riqueza artística e laboral aportaron ao Morrazo e a toda Galicia.

Cunha actividade ininterrompida desde o ano do seu nacemento, en 1989, Teatro do Morcego, recibiu premios en distintas modalidades dos Premios Compostela polos espectáculos Misterio Cómic e Doberman; nos Premios María Casares, por Lazariño de Tormes, Gran ilusión e Momo, sendo ademais finalista en varias ocasións.


Entre 1993 e 1998 constitúe, xunto con Teatro de Ningures e Tanxarina, a compañía Producións Teatrais do Sur.

No ano 2009 convértese en compañía residente do Concello de Narón pola súa longa traxectoria profesional cunha produción estable.

Ao longo destes trinta anos produciu 31 espectáculos nos que participaron máis de 50 actores, actrices, músicos e bailarinas.

Ademais de Celso Parada a compañía contratou a diferentes directores: Júlio Cardoso, Quico Cadaval, Bernardo Galli, Etelvino Vázquez, Andrés Pazos, Xoán Cejudo, Álvaro Lavín, Antonio Simón, José Prieto e Kevin Orr.

Na actualidade, Teatro do Morcego está a preparar Delicatessem, un espectáculo que xoga ao ilusionismo a partir de textos de Eduardo de Filippo, Eduardo Galeano e Roland Toppor. Dramaturxia e dirección de Celso Parada. En escena o propio Celso e Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán".



PREGÓN INAUGURAL

QUICO CADABAL, GALICIA

AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 28 XUÑO 22:30H.

Quico Cadaval naceu no mes de marzo de 1960, dato que, cunha sinxela operación matemática, permite actualizar a cifra da súa idade todos os anos.

É miope e divorciado. Mais isto non sempre foi así. Na primeira década da súa vida nin soñaba co que algún día chegaría a ser. Foi criado por un setter inglés chamado Tule e influido por un violento mestre chamado Bayón.

Na segunda década da súa vida leu con avidez e dificultade "A vida é un soño" de Calderón e "Dúas tácticas da socialdemocracia na revolución democrática" de Vladimir Ilich. E gozou con Seven Hassel e a súa literatura repugnante.

Na terceira década, ficou finalmente miope até o punto de conseguir ser dispensado do servizo militar. Fechou-selle a porta do heroísmo, tanto do lado de soldado da patria española como de arrogante insumiso. Ao non ser probado en combate, nunca puido demostrar ao mundo a súa coraxe ou cobardía. Nesta década leu a obra completa de Shakespeare.

Na cuarta década da súa vida desprega as súas capacidades na arte da narración, da dramaturxia e da provocación. Contrae matrimonio cunha muller e devora a obra de Rúbem Fonseca.

Na quinta década entrou no terceiro milenio e comprobou que todas as profecías resultaran falsas, as utopías defectuosas e as ilusións intactas. Na contabilidade do amor, recibiu moito máis do que deu e entrará en breve en concurso de acreedores.

Entusiasmouse pola cultura lusófona e visitou con paixón lugares arqueolóxicos. A década rematou cunha festa dos 50, de carácter propiciatorio que non deu resultado.

Na sexta década continúa a contar contos e a tentar facer teatro na máis vella nación da Europa que tentaron destruír durante cinco séculos, e que parece que o van conseguir neste século ao contar o imperio con importante axuda nativa.

Fóra diso, é divorciado e miope.



PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

AOS MONICREQUES DE KUKAS, GALICIA

AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 06 XULLO 22:30H.

Polo seu labor artístico e teatral que, ao longo de 40 anos, abriu innovadores camiños tanto coa creación de inusitadas marionetas e monicreques como coa importante difusión, en lingua galega, dese particular universo que supuxo unha auténtica revelación para nenas, nenos e público adulto deste país.

No ano 1979 Marcelino de Santiago e Isabel Rey fundan Os Monicreques de Kukas, a compañía de teatro de marionetas máis antiga de Galicia e unha das máis estables do teatro galego.

Nestes 40 anos de existencia teñen sido convidados por entidades como o Centro Dramático Galego, IGAEM - Xunta de Galicia ou o Festival de Ópera de A Coruña para crear espectáculos de gran formato: O Mariscal, Unha noite no Pórtico do Paraíso, Galiza Máxica ou A Frauta máxica no maxín en colaboración con Zoar Ensemble.

As súas marionetas están en coleccións e museos como o Museo Galego da Marioneta de Lalín, O Centro de Documentación de Títeres de Bilbao, cedidas ao Museo do Teatro de Almagro e o Parque Temático dos Pobos de España de Kintetsu en Xapón.

O seu traballo no mundo dos monicreques centrouse na creación de novos prototipos de marionetas e na dignificación e promoción entre todo tipo de públicos desta arte polo que ten sido recoñecido ó seu director co Premio de Honra do Centro de Documentación - Festival Internacional de Títeres de Bilbao, co seu nomeamento como Xoglar de Outono polo FIOT, ou coa homenaxe á compañía polos 30 anos da súa traxectoria do Festival Internacional de Títeres de Cuenca.


No 2017 o Pleno do Concello de Santiago de Compostela aprobou establecer un Convenio de colaboración do Concello e a compañía para crear a Casa do Monicreques que albergara todo o patrimonio material e inmaterial, para a súa exhibición, musealización e estudo.

En 2019 celebran o seu 40 aniversario co espectáculo AR-LEQUINA.

EROTISMO SEN +

EXPOSICIÓN ENCARNA DE BÉJAR, GALICIA

SÁBADO, 29 DE XUÑO A DOMINGO, 7 DE XULLO. CAPELA DO HOSPITAL H.



Encarna de Béjar Gallego pasa a súa adolescencia en Tui. Obtivo a súa licenciatura na facultade de Belas Artes de Pontevedra e na actualidade dedícase á pintura.

A temática principal da súa obra é "EROTISMO SEN MÁIS". Os protagonistas dos seus cadros tentan transmitirle emocións ao espectador. Hai implícita unha linguaxe erótica que involucra a todos e cada un dos sentidos. Así pois, as súas obras deben ser miradas cos cinco sentidos, pois son corpos que se senten, que se acariñan, que se miran, que se desexan...

As súas exposicións repártense entre Galicia e Portugal. En Galicia expuxo na Deputación de Pontevedra, no Concello de Allariz, no Concello de Tui e agora no Concello de Cangas.

REVOLTALLO EN PEDRA

ARTISTAS E COLECTIVOS CULTURAIS. RÚAS DE CANGAS, LUNS, 01 XULLO

PALCO DA MÚSICA (XARDÍNS DE SOAGE)

11:00-21:00h. Teatro Aberto "Encontro"

CAPELA DO HOSPITAL

12:00h. O cantar das anduriñas: "Romper o xeo; bailar a nada"

CASA DA CULTURA

16:00h. Rebeca Lar: "Espazo para unha posible acción de disidencia bruxesca"

17:00h. Asociación Juan XXIII: "O merlo branco"

CAPELA DO HOSPITAL

18:00h. Lohengrin teatro: "Contacontos musical"

PRAZA DO CONCELLO

19:00h. Lume de Karoso

PRAZA DA PALMA

19:15h. Academia de Música Staccato: "Mary Poppins"

19:45h. Escola de Danza Inés Núñez: "Lembrando as películas musicais"

20:15h. BOOMBOX Danza Urbana "Respiramos danza"

PRAZA DAS PONTES

20:45h. ASPAMSIN "O gato da tasca mariñeira"

CAPELA DO HOSPITAL

21:00h. Enconarte Producións "Sorpresa"

ADRO DA IGREXA

21:15h. Escola de danza Maite Quiñones: "Danza na Rúa"

21:45h. Grupo de danza oriental: "Danza oriental e tribal"



OS UBÚ

ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS, GALICIA

AUDITORIO MUNICIPAL, LUNS, 01 XULLO 22:30H. ESTREA ABSOLUTA

A ETC nace en 2008 co obxectivo de facilitar o coñecemento da práctica teatral e mostrar ao público ese traballo coa posta en escena de obras interpretadas polo alumnado, da man do equipo de Teatro de Ningures.

Os personaxes Papá e Mamá Ubú representan o grotesco da ostentación do poder.

A ETC presenta este Ubú de sempre que, por desgraza, hoxe está vixente... e ata cando? No tempo das fake news, que dicir dunha obra que nos presenta as cadeas como símbolo de liberdade?

Dirección: Silda Alfaro

Autoría: Alfred Jarry

Destinado a: Público adulto

Duración: 90'

Intérpretes: Ana Fernández, Ana Iglesias, Andrés Gesteiro, Ángeles Mendiña, Ares Caínzos, Carlos Gomez, Carlos Prado, Isabel Acedo, Juan Luis Pérez, María Acuña, María Fernández, Noela Avendaño, Pepe Ballesta, Rosa E. Gantes, , Sonia Couto, Sonia Salgado e Xosé R. Rocha (músico en escena)

Tradución: Henrique Harguindey

Adaptación: Xosé Manuel Pazos

Escenografía e vestiario: EMAEC

Música: Xosé R. Rocha

Iluminación: Salvador del Río

Cartel e programa: Diego Seixo

Técnico: Héctor Pazos



COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA

ERREGUETÉ, GALICIA

CAPELA DO HOSPITAL, MARTES, 02 XULLO E XOVES, 04 XULLO 12:30H.

Por segundo ano consecutivo, a **errequeté** - Revista Galega de Teatro en colaboración coa Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas presenta un ciclo de conversas cos creadores e creadoras que visitan a Mostra como protagonistas.

Coa vontade de reforzar as pontes entre público e escena, os encontros, que terán formato de coloquio en sesión vermú, contarán coa Capela do Hospital como centro de operacións.

MARTES, 2 DE XULLO, ÁS 12:30H.

Na Capela do Hospital, co equipo artístico de Carpe Diem, de PT Excéntricas.

XOVES, 4 DE XULLO ÁS 12:30H.

Na Capela do Hospital, co equipo artístico de Arlequina, de Os Monicreques de Kukas.

A DRAMATURXIA ACTORAL E OS PROCESOS DE CREACIÓN COLECTIVA

OBRADOIRO DE TEATRO EN VILO, GALICIA

CASA DA CULTURA, DO 03 XULLO AO 05 XULLO DE 10:0-15:00H.

Este taller dirixido a actores e actrices, directores/as, dramaturgos/as é unha oportunidade para achegarse a procesos de creación colectiva onde o actor ou a actriz ten un rol fundamental, pois el/a é quen de xerar e organizar o material escénico traballando desde a súa individualidade, referentes e visión do mundo.

Tamén é unha oportunidade para que directores/as e dramaturgos/as desenvolvan ferramentas para provocar e organizar os distintos imaxinarios e propostas dos actores/creadores, ao tempo que envorcan as súas propias ideas no proceso de creación.

Neste taller poremos a disposición dos participantes unha ampla gama de recursos físicos, coreográficos, dramaturxicos e de improvisación. Este material contribuirá a desenvolver o potencial creador de cada participantee articular unha visión artística e unha linguaxe escénica propia nun contexto único de colaboración e encontro con outros creadores.

Afondaremos na importancia do corpo e o movemento como manancial da imaxinación do actor/actriz, creador/ora e aprenderemos a ordenar a información no espazo e no texto nun ambiente de xogo, liberdade e colaboración.



NÓS QUE (NOS) QUEREMOS TANTO

MULLERES EN ACCIÓN. TALLER PARA ASOCIADAS ADICAM
CASA DA CULTURA, XOVES, 04 XULLO 17:00H.

Cando non sabemos quen somos e que desexamos, tendemos a reproducir os roles e estereotipos que socialmente se nos asignan. Para romper con estas pautas que nos restan autonomía é importante aprender o valor de autonomearnos, visibilizar os nosos saberes e experiencias, pór en valor as fórmulas de facer feministas, darnos autoridade e recoñecer ás outras como interlocutoras e aliadas.

Este taller é un convite a experimentar fórmulas, para expresar o que queremos (tanto) e como n(ós) queremos.

MAR CENDÓN

Licenciada en Ciencias Políticas e Máster en Estudos de Xénero. Desde 2008 o seu labor está vinculado ao feminismo no ámbito da educación, divulgación e comunicación, activismo e creación. Traballa na despatriarcalización de espazos e relacións e pola construción colectiva e autoxestionada de ferramentas de empoderamento.

MARÍA ROSENDO

Filóloga, Educadora social e Máster de Xénero. Desde 2009 dinamiza, cunha perspectiva feminista, espazos de autoestima, xénero e vínculos amorosos con mulleres adultas e adolescentes. Conta co nivel dous de Facilitación e Xestión de Grupos co Ceida - Ifface. Estuda Traballo de Procesos no Instituto de Trabajo de Procesos de Barcelona.

TEATRO E EDUCACIÓN

ENCONTRO

CAPELA DO HOSPITAL, VENRES, 05 XULLO 16:30H.

O teatro é unha ferramenta que facilita o desenvolvemento integral das persoas e incentiva a súa implicación na sociedade e, ademais, os seus beneficios poden ser aproveitados e incorporados ao sistema educativo. Faise polo tanto imprescindible a presenza do teatro como ferramenta útil para facilitar o crecemento do alumnado de todos os niveis educativos. Sen esquecer, por suposto, a necesidade das escolas específicas de teatro para formar profesionais ou para ofrecer o goce da práctica desta arte.

1. O TEATRO COMO ELEMENTO TRANSFORMADOR INDIVIDUAL E SOCIAL

Pepa Barreiro, actriz, directora e pedagoga teatral.

Fernando Dacosta, actor, director, dramaturgo e pedagogo teatral.

Pomba Lugilde, actriz, directora e pedagoga teatral.

Flor Maceiras, actriz e docente teatral (directora da Escola de teatro de Narón).

Manuel F. Vieites (ESAD de Galicia/ Universidade de Vigo).

Modera: Zè Paredes, dramaturgo e director.

2. O TEATRO COMO FERRAMENTA PEDAGÓXICA

Xoán Carlos Riobó, director, dramaturgo e pedagogo teatral.

Pedro Pablo Riobó, director, dramaturgo e profesor de teatro.

Vanessa Sotelo, dramaturga, directora e pedagoga teatral.

Rosalía Fernández Rial, poeta, docente e investigadora.

Modera: Antón Lamapereira, actor de teatro afeccionado e animador teatral.

www.mostrateatrocangas.gal



MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

ORGANIZAN



Concello de Cangas



ningures produción

PATROCINAN



Concello de Cangas



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Axaencia Galega das
Industrias Culturais

COLABORAN

fundación  sgae

erre
guc
te
revista galega de teatro

SALASUN